

ACORDOS DA COMISIÓN ACADÉMICA DO DIA 6 DE SETEMBRO DE 2017

ACORDO SOBRE O PROCEDEMENTO PARA FORMULAR A PROPOSTA DE COORDINADORES DAS TITULACIÓNS DA FEE

Primeiro: sobre o perfil que han de ter os/as coordinadores/as de titulacións

Os coordinadores/as de titulación terán que cumprir todos os seguintes requisitos:

- Doutor/a
- Con docencia na titulación polo menos no curso académico en se se produza o seu nomeamento
- Dedicación a tempo completo
- Pertencente ás seguintes categorías de profesorado:
 - Profesorado funcionario
 - Profesor contratado doutor, contratado interino de substitución que previamente fose profesor axudante doutor e profesor axudante doutor.

Segundo: sobre o procedemento propiamente dito que ha de seguir a CAD da FEE para elaborar unha proposta de coordinador/a á Xunta de Facultade.

Na convocatoria dunha sesión ordinaria da CAD incluírase como punto da orde do día: “elaboración da proposta de coordinadores/as das titulacións oficiais impartidas na FEE”. Esta convocatoria farase de maneira excepcional cunha semana de antelación.

Corresponde a iniciativa de facer propostas de candidatos/as a todos os membros da CAD da FEE. En todo caso, o equipo decanal estará obrigado a facer unha proposta que será discutida en igualdade de condicións que o resto das presentadas.

A CAD valorará todos os candidatos/os presentados/as e e elixirá aquel/a que tras os procedementos de votación secreta que sexan necesarios acade a metade máis un dos votos dos presentes. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente da CAD.

A decisión da CAD será elevada á Xunta de Facultade para continuar a súa tramitación consonte a normativa que sexa de aplicación.

Terceiro: Sobre a información do proceso a todo o PDI con docencia nas titulacións oficiais da FEE

A secretaría académica informará ao PDI con docencia nas titulacións oficiais impartidas na FEE do comezo do procedemento para que a Xunta de Facultade eleve ao órgano competente da UDC a súa proposta de coordinadores/as de titulación a partir das conclusións ás que chegue a CAD en aplicación do presente acordo.

ACORDO DA COMISIÓN ACADÉMICO DOCENTE DO 6 DE SETEMBRO DE 2017 SOBRE O COMEZO DAS CLASES NOS GRAOS E NOS MESTRADOS

A CAD da FEE acordou:

Primeiro: que a única actividade lectiva para os estudantes de primeiro curso dos graos (ADE, Economía e Ciencias Empresariais) e Simultaneidades (ADE-Dereito, CC.Empresariais - Turismo e CC.Empresariais-Arquitectura Técnica) impartidos na Facultade de Economía e Empresa da UDC o vindeiro luns 11 de setembro sexa a súa asistencia obrigatoria ao Acto de Acollida que terá lugar ás 12.00 h no Aula Magna da Facultade. As clases ordinarias das materias do primeiro curso comezarán con total normalidade o martes 12.

Segundo: que as clases no resto dos cursos dos graos (ADE, Economía e Ciencias Empresariais) e Simultaneidades (ADE-Dereito, CC.Empresariais - Turismo e CC.Empresariais-Arquitectura Técnica) impartidos na Facultade de Economía e Empresa da UDC comecen o luns 11 de setembro de 2017.

Terceiro: que as clases nos mestrados universitarios impartidos na FEE comecen nas seguintes datas:

- MUBF: 11 de setembro de 2017
- MUCSAC: 18 de setembro de 2017
- MUDAE: 2 de outubro de 2017

OUTROS ACORDOS

Se conceden as seguintes solicitudes de matrícula a tempo parcial:

Jonás Cuba Hernández con dispensa académica
Blanca del Hoyo Ruiz
Iker Urresti Martínez
Mónica Louzao Pérez
Sandra M. Rodríguez Viveiro
Catherine Quijano Gonzalez
Gemma Roo Rodríguez
Cristina Gabeiras López
Inés Pereira Bugarín con dispensa académica

Renovación de matrículas a tempo parcial:

Paula Ben Ageitos
Joel Garcia Rodríguez
Angel Romár Tajés
Mauro Campanini
Luis Martínez Rodríguez
Inés Pereira Bugarín con dispensa académica
Laura López Ráfares
Joana Catherine Correa Salamanca

Recoñecemento de créditos de outras universidades

Acórdase que D. Antonio Carrascosa ven a impartir a lección inaugural da sesión de apertura dos mestrados o día 6 de outubro, a proposta da Cátedra de mobilidade.